

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO: ACORCO DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

Santiago de Compostela 22/02/24

Na reunión anúnciase:

- ✚ Un documento de **CRITERIOS INTERPRETATIVOS DE CARTELEIRAS** que remitiran aos sindicatos da Comisión de seguimento con período de alegacións para homoxeneizar as carteleiras en todos os Centros (cómputo de xornadas e días efectivos ano bisesto ou non, RN cálculo e aplicación, as “C” rompen secuencia, xornadas consecutivas...)
- ✚ Contratos COVID: si están en carteleira, procederase á creación da praza onde fose necesario.
- ✚ Crearanse prazas onde se acredite a necesidade, nos termos do Acordo.

E seguindo a Orde do día,

CONSIDERACIÓN DOS DÍAS 24 E 31 NAS ESCOLAS INFANTÍS DA AGSS.

Están abertos a negociar a compensación dos días nos centros que abriron, en termos de descanso.

CONSECUENCIA DOS EXCESOS HORARIOS NO MES DE XANEIRO DE 2024.

Regularizaranse ao longo do ano, o Acordo causa efectos dende o 1 de xaneiro de 2024

REDUCCIÓN DE XORNADA POR CONCILIACIÓN. DE 6,5H. A 6 HORAS E PROPOSTAS SOBRE AS CONSECUENCIAS ECONÓMICAS PARA A PERSOA SOLICITANTE.

É unha cuestión de aplicación da Lei, se lle da a posibilidade de mudar a redución pero co límite legal mínimo dunha hora.

VACACIÓNS POR QUINCENAS E PERÍODO DE VERÁN.

Os períodos están perfectamente reflectidos no Acordo, e cóntanse os días que se teña quenda de traballo. Á vista das incidencias comentadas polas OOSS, poderíase ampliar a explicación no documento de criterios interpretativos.

NOCTURNIDADE. DÍA DE INICIO OU DE REMATE?

É a Seguridade Social a que obriga a que sexa o día inicio da noite, e a súa posición é adoptar ese criterio para todos os centros.

UNIVERSALIZACIÓN DO USO NOS CENTROS DA APLICACIÓN INFORMÁTICA DE CARTELEIRAS.

Prevista para o segundo trimestre de 2024, para confección e seguimento das carteleiras.

COMO E ONDE TRATAR OS PEQUENOS DESAXUSTES DAS CARTELEIRAS.

Nas Xefaturas Territoriais e nos Centros se seguirán tratando e traballando sobre os desaxustes

ACTIVACIÓN E FIXACIÓN DATA XUNTANZAS SUBCOMISIÓNS PARA FIXACIÓN DE: DEREITO A COMEDOR, INTERSUSTITUCIÓNS E XORNADA COMPLEMENTARIA.

Convocatoria das Subcomisións na segunda semana de abril para tratar sobre **intersubstitución, xornada complementaria e dereito a comedor en centros con cociña.**

CONSIDERACIÓNS DE UGT:

Á espera de dito documento de criterios e remitir as alegacións ao mesmo, deixamos de manifesto que a **análise** das **carteleiras** é unha verdadeira **“carreira de obstáculos”**, especialmente no **Consortio**, Nuns casos falta de reunións ou tardías, documentación por meses nalgúns casos e noutros imposible de traballar con elas, ou falta de vontade negociadora. Deberíase incluír nos criterios o límite de horas/ano da quenda fixa nocturno, a interpretación de solapamento e das cláusulas terceira e cuarta, e táboa de computo de xornada. Algún centro si fixo táboa que resume cada carteleira co número de M, T, N, C, RN, horas/366 días, horas efectivas con C e horas efectivas sen C, por sinalar tamén algunha cousa positiva na documentación que algún centro aportou.

